



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE XUÑO DE 2024, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
Secretaria	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e seis de xuño de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesión anteriores (29/05/2024).

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada o día 29/05/2024 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o informe dos locais municipais que na actualidade estean sen uso, di que salvo erro segundo a información que lle facilitaron, na parroquia de Vedra non hai ningún local. O Centro Social non ten locais para iso, e o Antigo Xulgado está a disposición dos grupos políticos.

Na Casa de Cultura de San Miguel os locais están todos ocupados polas asociacións: Raiceiros, A Gaita de Sarandón, AA. VV., Asociación Cultural San Campio, comisión de festas e Acuxuve.

En San Fins a Casa das Artes non ten locais pechados.

Na parroquia de Santa Cruz, a planta baixa da Casa de Cultura está ocupada pola Escola de música, a Banda de música e a Coral Polifónica. Na planta superior, o CEIP de Ortigueira é quen dinamiza na actualidade a axencia de lectura. O resto dos locais están ocupados pola AA.VV., comisión de festas, ANPA do CEIP Ortigueira, Asociación Cultural Ullán, Asociación



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



de moteiros, e a U.D. Val do Ulla. Existe un local que no seu momento usaba a Asociación Agronovo, que leva anos sen actividade. Porase en contacto con eles para liberar ese local. En Vilanova está a casa escola que agora é a aula medioambiental.

En Trobe o local multiusos non ten locais pechados. A Casa da Fábrica é da Igrexa, pero hai un convenio co concello para poder usalo e só hai un local. Non sabe se está ocupado agora mesmo.

En San Xián, a Casa da Curuxa non ten locais. O espazo úsase para ensaios do grupo de música tradicional e outros.

En Illobre non hai locais. Úsase o espazo para ensaios do grupo Silandeira.

Ponte Ulla, San Mamede, San Pedro de Sarandón e Merín, non teñen locais. Os centros úsanse como locais de reunións.

2º.- Respecto ao tema de limpeza das vías municipais, di que é un comentario.

3º.- Sobre a tala da carballeira no viñado, a Presidencia di que consultado co axente medioambiental adscrito á zona, este dille que a plantación que se retirou era de eucalipto duns catro/cinco anos e que consta coa autorización oportuna, tanto para a corta como para o cambio de cultivo.

Non consta a corta de carballos e non se autorizou a corta de castiñeiros no fondo da parcela.

Consta unha denuncia de oficio feita pola Consellería pola corta de varios exemplares de “roble americano”, segundo di o axente, unha especie de crecemento rápido asimilada a estes efectos aos piñeiros.

O Sr. Pose, do BNG, manifesta que no estudo de impacto ambiental que revisou aparecía delimitado como carballeira. Solicita que revisen o informe de impacto ambiental, que revisen se foi cortado iso e no caso de que así fose, que o concello formule a denuncia.

4º.- Respecto á apareladora municipal, reitera a contestación xa dada no pleno anterior. En calquera caso, considera que é unha boa profesional e esa consideración inclúe o feito de que sabe perfectamente cando é preciso e cando non facer a visita á hora de redactar un informe.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre cantas prazas quedan para as novas incorporacións tralas matriculacións na Escola Infantil Municipal, di que as prazas autorizadas por Inspección son 56.

Na aula de 0-1 anos hai 8 prazas. Están ocupadas 6 delas. Das 2 vacantes, 1 é xeral e a outra está reservada de emerxencia.

Na aula de 1-2 anos hai 13 prazas e están todas ocupadas.

Na aula de 2-3 anos hai 20 prazas e están todas ocupadas.

Na aula mixta de 1-3 anos hai 15 prazas, das cales están ocupadas 10. Das vacantes, 3 son xerais e 2 de reserva de emerxencia.

No período ordinario de solicitudes, ata o 31/03/2024, as prazas concedidas foron 48, entre renovación e novo ingreso. Desas 48 prazas, 45 foron aceptadas e 3 rexeitadas.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



As prazas concedidas fóra de prazo de menores nados despois do 31/03/2024 foron 4.

A día de hoxe hai 4 prazas vacantes e teñen que ter en conta tamén a limitación de reservas de emerxencia establecidas pola inspección.

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a en que situación está o parque infantil de San Xián, di que xa lle contestou no pleno anterior.

2º.- Sobre a convocatoria da comisión de seguimento do centro de día e residencia, di que se convocará no mes de xullo.

3º.- Respecto a que nenos de Vedra sexan admitidos na gardería de Boqueixón, di que sempre defendeu que cantos máis servizos compartan os dous concellos, mellor será para todos e niso segue traballando.

4º.- Sobre a adxudicación coa empresa encargada de prestar o servizo do SAF, di que agora vai saír a licitación da Escola Infantil Municipal e xa están coa redaccións dos pregos do SAF. Estarán listos no verán e tan pronto poidan sacarán a licitación.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. González, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á rede de sumidoiros en Fontao, di que xa explicou os motivos. Xa teñen todo na Deputación e con toda probabilidade no pleno do mes de xullo se aprobe o proxecto modificado e a partir de aí xa se pode terminar a obra.

2º.- Sobre a que foron dous concelleiros, o Alcalde e unha ex concelleira a Riós e canto lle supuxo iso ao concello, a Presidencia di que o día dezanove de maio celebrouse o XVII Festival Latexo do rural que organiza a Asociación Cultural da Castaña. Eles xa viñeran a Vedra ao “Pasabodeghas” facer un acto de irmandade, e este ano querían facer o mesmo coa castaña de Riós e a camelia de Vedra e invitáronos a participar nese acto, que compartiron con persoeiros importantes da cultura galega e nacional.

Foron dous concelleiros e o Alcalde. A presenza de Margarita Devesa débese á imposibilidade de asistir da vicepresidenta da Asociación da Camelia, e foi ela como coñecedora e experta do mundo da camelia.

O custe foi un domingo libre dos participantes, e economicamente supónlle ao concello a quilometraxe e peaxe da autopista do coche do propio Alcalde.

3º.- Rogos e preguntas.

-- O Sr. Pose, do BNG, pregunta:

1º.- Á espera da reunión da mesa de seguimento da residencia e centro de día, recórdalle que a mesa está composta polos alcaldes, non polos delegados dos alcaldes. Gustaríalle que estivese presente o de Boqueixón.

2º.- Sobre a sorprendente competencia da apareladora municipal que lle permite facer informes a distancia, di que é algo único do concello de Vedra.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:



1º.- Pregunta cando se vai rematar a obra da escola de San Mamede, porque van xa dúas lexislaturas.

2º.- Solicita que no boletín de xuño todos os anos se faga unha referencia ao Día Internacional do Orgullo LGTBI, ademais de tentar facer algunha actividade de concienciación ao respecto. O ano pasado non se fixo referencia algunha, e espera que se faga nas redes sociais e que para os próximos anos se fagan actividades.

3º.- Pregunta se no período de verán vai haber na Aula Cemit cursos para adultos e menores. De ser así, pregunta cales serían.

4º.- Pregunta se hai algún plan establecido no caso de que queden nenos fóra da Escola Infantil Municipal.

5º.- Pregunta como están as execucións dos POS 2021, 2022 e 2023, e cal é a porcentaxe de execución dos mesmos.

6º.- Pregunta como vai a limpeza de cunetas do concello neste momento.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Roga que se estude a posibilidade de solicitar a subvención que convoca habitualmente en xullo a Consellería de Política Social e Xuventude no marco da rede galega para implantar unha unidade de atención temperá en Vedra.

Sería importante para as familias que teñen nenos con problemas de desenvolvemento.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta minutos.